

Acordo definitivo e firma do **XIX Convenio TIC**

XIX Convenio TIC

Acordo definitivo e FIRMA

O poder de cambiar as cousas



tic@servicios.ccoo.es



www.ccoo-servicios.es/tic/



www.ccoo.es/Afiliate



Hoxe, 30 de xaneiro de 2025, procedeuse á **firma do XIX Convenio** de Consultoría, Tecnoloxías da Información, Estudos de Mercado e da Opinión Pública, tras alcanzar un acordo definitivo no redactado do mesmo:

XA TEMOS CONVENIO!

Desde **CCOO** poñemos en valor a estratexia de negociación a cal levou á firma dun novo Convenio, en tempo récord para o sector, e que permitiu, aos máis de medio millón de persoas afectadas, gozar do incremento de táboas acordado desde o día seguinte ao vencemento do convenio anterior, **sen perder un só día sen convenio**.

Este acordo supón dar continuidade a un plan que deu comezo coa negociación do texto anterior, cun novo paso cara adiante na recuperación do poder adquisitivo perdido e na mellora de dereitos e condicións, e que nos permite seguir mantendo o noso obxectivo orixinal intacto, **un Convenio TIC digno, que reflecta a realidade do sector**, e no que a precariedade deixe de ser un eco do pasado.

Deixámosvos a ligazón ao texto rexistrado, tede en conta que aínda non é definitivo pois pode sufrir algún lixeiro cambio durante o proceso de revisión por parte de Traballo:

[Borrador XIX Convenio TIC](#)

Agora pedímosvos un pouco máis de paciencia ata que Traballo dea a aprobación definitiva e sexa publicado no Boletín Oficial do Estado, momento en que dará comezo a súa vixencia.

XIX Convenio TIC. Nin un paso atrás, só avanzamos.